

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2025/4	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	07 de febreiro de 2025
Duración	Dende as 12:45 ata as 13:25 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	David García Lareo (Secretario acctal Decreto 2025-0089)
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA**Aprobación da acta da sesión anterior: 30.01.2025****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento**Concello de Silleda**

Rúa Progreso, 41, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 30 de xaneiro de 2025.

Expediente 245/2025. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da traballadora social con data 6 de febreiro, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade social e solicita o apoio económico para sufragar o custo dunha mensualidade de aluguer pendente.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda para o pago da mensualidade de aluguer pendente

Segundo.- Aprobar o pago delegado, con cargo á aplicación presupostaria correspondente, a:

- Ramón Fuentes López con número de recibo 012 e importe 230€

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 249/2025. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da traballadora social con data 06 de febreiro, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha familia usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade social e solicita o apoio económico para sufragar o custo da adquisición de produtos básicos de alimentación.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda na adquisición de produtos básicos de alimentación.

Segundo.- Aprobar o pago delegado, con cargo á aplicación presupostaria correspondente, a:

- Vego Supermercados S.A.U. con número de factura 02000002 e importe 60,23€

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 248/2025. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da traballadora social con data 06 de febreiro, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha familia usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade social e solicita o apoio económico para sufragar o custo da adquisición de produtos básicos de alimentación.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda na adquisición de produtos básicos de alimentación.

Segundo.- Aprobar o pago delegado, con cargo á aplicación presupostaria correspondente, a:

- Vego Supermercados S.A.U. con número de factura 01000014 e importe 24,98€

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 240/2025. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da traballadora social con data 6 de febreiro, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade social e solicita o apoio económico para sufragar o custo da cobertura de necesidades básicas de alimentación.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda na cobertura de

necesidades básicas de alimentación.

Segundo.- Aprobar o pago delegado, con cargo á aplicación presupostaria correspondente, a:

- Vego Supermercados S.A.U. con número de factura 02000004 e importe 49,95€

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 246/2025. Solicitud de alta no SAF Libre Concorrenia

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da traballadora social con data 5 de febreiro, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio a unha familia usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade social e familiar e solicita o apoio para a cobertura de necesidades básicas do día a día.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar a alta no servizo de Saf Libre Concorrenia de M.F.T. a fin de garantir a integridade e seguridade do usuario de Servizos Sociais Comunitarios.

Segundo.- Comunicar á persoa interesada a aprobación do servizo.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención

Expediente 247/2025. Solicitud de alta no SAF Libre Concorrenia

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da traballadora social con data 6 de febreiro, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio a unha familia usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade social e familiar e solicita o apoio para a cobertura de necesidades básicas do día a día.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar a alta no servizo de Saf Libre Concorrencia de Mª I.T.L. a fin de garantir a integridade e seguridade da usuaria de Servizos Sociais Comunitarios.

Segundo.- Comunicar á persoa interesada a aprobación do servizo.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención

Expediente 1695/2023. SELECCIÓN DE PERSOAL E PROVISIÓN DEPOSTOS. BASES ESPECÍFICAS PARA O PROCESO DE QUENDA LIBRE ENXEÑEIRO

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a oferta pública de emprego para 2023 foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 13-09-2023 e no DOGA de data 06-10-2023.

Elaboradas as bases específicas para o proceso de quenda libre ENXEÑEIRO e visto o informe proposta emitido pola Secretaría:

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar a convocatoria e as bases de selección de persoal, nos termos en que figuran non expediente.

SEGUNDO. Publicar o texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas no Boletín Oficial da Provincia, e na sede electrónica deste Concello.

TERCEIRO. Publicar un extracto da convocatoria en ou Boletín Oficial do Estado, sendo a data deste anuncio a que servirá para ou cómputo do prazo de presentación de instancias.

Anexo

BASES ESPECIFICAS QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POLA QUENDA LIBRE, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, DE UNHA (1) PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA DA ESCALA DE ADMINISTRACION ESPECIAL : ENXEÑEIRO/A

PRIMEIRA. OBXECTO E PREVISIÓN XERAIS

1.- Estas bases específicas teñen por obxecto regular a convocatoria do proceso selectivo para a cobertura en propiedade de unha (1) praza de persoal funcionario, en quenda libre e mediante o sistema de oposición, que figura como vacante no cadro de persoal funcionario do Concello de Silleda a e foi incluída na correspondente oferta de emprego público, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 13-09-2023 e no DOGA de data 06-10-2023.

SEGUNDA. CARACTERÍSTICAS DAS VACANTES QUE SE CONVOCAN E TITULACIÓN

ESIXIDA

Clase de persoal:

a) Persoal funcionario de carreira das escalas de administración xeral ou especial, tal e como se detalla no cadro seguinte:

DENOMINACIÓN DA PRAZA	GRUPO // SUBGRUPO	ESCALA // SUBESCALA	NÚM. PRAZAS	TITULACIÓN ESIXIDA	CELGA
ENXEÑEIRO/A	A1	AE	1	Enxeñerio/a Industrial, Mecánico, Eléctrico ou de Caminos, Canales e Portos	4

Titulación esixida: a efectos desta convocatoria, terase en conta como titulación esixida determinada de maneira explícita na columna respectiva.

Funcións: as correspondentes ao posto e ao servizo ao que se adscriba, segundo a relación de postos de traballo (RPT) municipal ou o instrumento organizativo equivalente e vixente en cada momento, e que resulten propias da capacitación profesional, formativa e legal inherente.

Retribucións: as básicas propias do seu grupo e subgrupo de clasificación profesional, así como as complementarias que estean fixadas para o posto ao que se adscriba segundo a RPT vixente, sen prexuízo daquelas de índole persoal ou variable a que, se é o caso, poida ter dereito.

Xornada de traballo: completa.

TERCEIRA. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

1.- Para seren admitidas na realización das probas selectivas as persoas aspirantes deberán reunir, no momento en que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, no suposto de acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados.
- b) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- c) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, dos órganos constitucionais ou dos órganos estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o

desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa foi separada ou inhabilitada. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

e) Posuír a titulación esixida nas correspondentes bases específicas ou estar en condicións de obtela. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación.

f) Outros requisitos que, no seu caso, poidan esixirse nas correspondentes bases específicas.

CUARTA. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS ADMISIÓN DE ASPIRANTES, PUBLICIDADE E DATA DE REALIZACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS.

1.- As instancias para tomar parte neste proceso selectivo presentaranse preferentemente por vía electrónica no modelo normalizado que está a disposición das persoas interesadas na sede electrónica do Concello (<https://silleda.sedelectronica.gal>). Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación será de vinte (20) días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

A presentación fóra de prazo suporá a non admisión do/a aspirante ao proceso selectivo.

Finalizado o prazo de presentación de instancias, farase pública no Taboleiro de Edictos da páxina web e na sede electrónica deste Concello a lista provisional aprobada de persoas aspirantes admitidos e excluídos, concedéndose un prazo de cinco días hábiles para presentar reclamacións ou emendar deficiencias.

Emendadas ou non as deficiencias das solicitudes, e, examinadas no seu caso as reclamacións presentadas en prazo, resolverase definitivamente pola Alcaldía sobre todo isto, e farase pública a relación definitiva de admitidos e excluídos.

A convocatoria de inicio do proceso selectivo, a admisión e exclusión de aspirantes, a composición do órgano de selección e dos sucesivos anuncios do Órgano de Selección que resolvan esta convocatoria ata finalizar o proceso de selección, publicaranse no Taboleiro de Edictos da páxina web e da sede electrónica del Concello.

Coa publicación da lista provisional de admitidos, indicárase a composición do Tribunal, e se non se presenta recusación contra calquera dos seus membros, nese caso, tería que resolverse expresamente sobre iso de conformidade co previsto na Lei 39/2015, procederá a publicarse polos medios establecidos o lugar, a data e a hora da baremación dos méritos, ó tempo que se publicaría a lista das persoas aspirantes definitivamente admitidas ó proceso.

2.- Para seren admitidas nas probas selectivas correspondentes as persoas aspirantes deberán

manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación.

3.- Coa solicitude deberán achegar a seguinte documentación::

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento acreditativo da nacionalidade e identidade da persoa aspirante.
- Acreditación do pago da taxa polos dereitos de exame.
- Titulación académica ou profesional esixida. . En caso de titulacións obtidas fóra do Estado Español, deberá presentarse ademais a homologación das mesmas polas autoridades educativas españolas.
- CELGA 4

4.- A documentación presentarse por medio de copia simple sen necesidade de cotexo, sen prexuízo de que, ao abeiro do disposto no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (ou daquelas outras previsións normativas análogas, concordantes ou substitutivas), se poida requirir posteriormente a documentación ou información orixinal e o seu cotexo.

5.- As persoas aspirantes deberán aboar unha taxa por dereitos de exame de acordo coa vixente Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola solicitude de participación en probas de selección de persoal (BOP Pontevedra 10 de outubro de 2022), segundo se especifica:

	Euros
Subgrupo A1	30
Subgrupo A2	25
Subgrupo C1	20
Subgrupo C2	15
Agrupacións Profesionais	10

O ingreso do importe da taxa efectuarase por medio de autoliquidación.

Os suxeitos pasivos deberán practicar autoliquidación nos impresos habilitados ao efecto pola Administración Municipal, e realizar o seu ingreso no número de conta ES27 2080 5443 3731 1010 0171 antes de presentar a correspondente solicitude de inscrición no proceso selectivo, á que se deberá acompañar o xustificante de pago da taxa, e, no seu caso, da documentación xustificativa das reducións recollidas no artigo 5º da ordenanza

QUINTA.- COMPOSICIÓN DO ÓRGANO DE SELECCIÓN.

O órgano de selección estará integrado por cinco membros nomeados pola Alcaldía, cos seus suplentes.

O órgano de selección será colexiado e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderá, así mesmo, á paridade entre muller e home.

Publicarase no Taboleiro de Edictos da páxina web e da sede electrónica do CONCELLO DE SILLEDA e estará constituído como segue:

Todas as persoas integrantes do Tribunal deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso que requira dunha titulación de nivel igual ou superior ó esixido para participar no proceso selectivo e todas terán voz e voto:

-Presidente/a: Un/ha funcionario/a ou persoal laboral fixo de calquera das Administracións públicas.

-Vocal: Tres funcionarios/as ou persoal laboral fixo de calquera das administracións públicas.

-Secretario/a: Un/ha funcionario/a ou persoal laboral fixo de calquera das administracións públicas.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén. Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, a confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

Todos eles deberán cumprir cos principios de imparcialidade, profesionalidade e especialidade inspiradores do Estatuto Básico do Empregado Público, e deberán absterse nos casos previstos pola Lei 39/2015. Así mesmo poderán ser recusados nos supostos regulados na mesma Lei.

Cada proposta de nomeamento do titular implicará tamén a designación dun Suplente cos mesmos requisitos e condicións.

O órgano de selección non poderá constituírse nin actuar sen a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. As decisións adoptaranse por maioría e as súas actuacións terán o carácter de órgano de colexiado, levantándose acta de tódalas reunións que se manteñan. As decisións adoptaranse por maioría de votos, resolvendo os empates co voto de calidade do Presidente do Tribunal.

A Alcaldía poderá designar asesores especialistas para asistir ó Tribunal, sen que en ningún caso teñan facultades de cualificación e resolución, se non de colaboración e proposta. O seu nomeamento, no seu caso, deberá facerse público xunto co do Tribunal.

O Tribunal resolverá as dúbidas que poidan xurdir da aplicación das bases, podendo tomar os acordos que correspondan para aqueles supostos non previstos nas bases, sempre con respecto á lexislación vixente nesta materia.

SEXTA. CONTIDO DO PROCESO SELECTIVO, DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

1.- O proceso selectivo será o de oposición. Cada exercicio da oposición terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

2.- Exercicios.

a) Primeiro exercicio:

Consistirá na resolución dun cuestionario tipo test. O mesmo constará de 100 preguntas das que 20 tratarán sobre as materias recollidas na parte xeral do anexo 1 e 80 sobre materias da parte específica.

O tempo para realizar o exercicio será de dúas horas e media.

Se formularán 10 preguntas de reserva.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos sendo necesario para superalo acadar unha puntuación conxunta mínima de 5 puntos.

b) Segundo exercicio:

Consistirá en expoñer por escrito tres temas escollidos ao chou, un de cada un dos apartados da parte específica. De cada parte o tribunal seleccionará dous temas ao chou, publicamente no momento de inicio do examen, cada aspirante escollerá un tema de cada parte.

O tempo para realizar o exercicio será de catro horas.

O exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos sendo necesario para superalo acadar unha puntuación conxunta mínima de 10 puntos.

c) Terceiro exercicio:

De carácter obrigatorio e eliminatorio, consistirá na resolución por escrito, nun tempo máximo de 180 minutos, de varios supostos prácticos (cinco como máximo) relacionados co temario recollido nas bases específicas e co cometido funcional da praza.

Na cualificación do exercicio valorarase, o nivel de coñecementos, a precisión e o rigor técnico na presentación, exposición e resolución das cuestións e a súa relación co cometido funcional e tarefas propias da praza.

O exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos sendo necesario para superalo acadar unha puntuación conxunta mínima de 10 puntos.

3.- Os/As aspirantes disporán dun prazo de 3 días hábiles para presentar alegacións á corrección dos exercicios da oposición.

4.- Se durante o desenvolvemento do proceso o órgano de selección tivese coñecemento de que algún dos/as aspirantes non reúne os requisitos esixidos na convocatoria, acordará a súa exclusión, previa audiencia ao interesado e comunicarllo á Alcaldía.

Así mesmo, o tribunal poderá excluír do proceso selectivo durante o desenvolvemento das probas aos aspirantes que realicen calquera actuación fraudulenta.

En todo caso, o órgano de selección poderá requirir dos aspirantes cantas aclaracións complementarias sexan precisas.

5.- As cualificacións dos aspirantes redondearanse ata o segundo decimal.

Unicamente se publicará a relación e cualificación dos aspirantes que superaron cada exercicio, o resto terán a cualificación de non apto.

SÉPTIMA.- DESENVOLVEMENTO DA OPOSICIÓN

1.- A data, lugar e hora de celebración do primeiro exercicio publicarase na Resolución pola que se aprobe a lista definitiva das persoas candidatas admitidas e excluídas, cunha antelación mínima de oito días hábiles.

Entre a publicación dos resultados dun exercicio e o seguinte non poderán transcorrer menos de 5 días hábiles.

Chamamentos.- Na data, lugar e hora que foron convocados as persoas candidatas para a realización dos exercicio.

2.- A orde de actuación iniciarase alfabeticamente pola primeira persoa aspirante da letra «V», segundo RESOLUCIÓN do 23 de xaneiro de 2023 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- A non presentación da persoa candidata ao exercicio, unha vez finalizado o chamamento, determinará automaticamente o decaemento dos seus dereitos para participar no exercicio, quedando excluído do procedemento selectivo

4.- Identificación das persoas candidatas.- O Tribunal identificaraas o comezo do exercicio e poderá requirirles, en calquera momento do proceso selectivo, para que se identifiquen debidamente, a cuxos efectos deberán asistir provistos do documento de identificación correspondente.

5.- No desenvolvemento dos exercicios estableceranse para as persoas con discapacidade as adaptacións posibles e os axustes razoables necesarios de tempo e medios para a súa realización, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos restantes candidatos/as, sempre que estas fosen debidamente solicitadas.

6.- As mulleres embarazadas que prevexan que a coincidencia do parto coas datas de realización da calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, o eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, engadindo á comunicación o correspondente informe médico oficial.

A comunicación deberá realizarse dentro das corenta e oito horas seguintes ao anuncio da data do exame e implicará o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O tribunal acordará si procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazalo ou adoptar ambas medidas conxuntamente.

Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns de impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

OITAVA.- CUALIFICACIÓN DA PROBA E PROPOSTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O Tribunal non proporá en ningún caso a un número de aspirantes superior ao das prazas convocadas. Os restantes aspirantes serán considerados NON APTO. Tralo prazo de solicitudes de revisión publicárase o resultado definitivo.

O tribunal poderá declarar desertas aquelas prazas que non resulten cubertas á finalización do proceso selectivo por non ser superado polo número suficiente de persoas aspirantes

NOVENA. ACREDITACIÓN DOS REQUISITOS ESIXIDOS

1.- O/A aspirante proposto para o seu nomeamento deberá presentar, no prazo de vinte (20) días naturais desde a publicación da relación definitiva do/a aspirante que superaron o proceso selectivo, os seguintes documentos orixinais ou copias cotexadas:

- a) Os presentados mediante copia simple conforme a base 4ª
- b) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de persoal funcionario.

No caso de ser nacional doutro Estado, deberá presentar, ademais, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- c) Declaración xurada de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade referida ao momento da toma de posesión ou declaración de opción de conformidade co artigo 10º da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

- d) Certificación acreditativa de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento da súa función, no caso de tratarse de persoas con minusvalías.

e) Código IBAN dunha conta bancaria e copia da cartilla da Seguridade Social (no caso de ter estado dado de alta).

Quen teña a condición de persoal ao servizo das Administracións Públicas estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa probados para obter o seu anterior nomeamento. Neste caso, poderán presentarán certificación da Administración Pública da que dependan acreditativa daqueles extremos.

2.- Os aspirantes propostos para o nomeamento ou contratación que no prazo sinalado no apartado anterior non presentaran a documentación esixida, agás causa de forza maior debidamente acreditada, ou non reunisen os requisitos esixidos non poderán ser nomeados e quedarán anuladas tódalas súas actuacións sen prexuízo das responsabilidades nas que puidesen incorrer por falsidade. As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos o día en que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como persoal funcionario de carreira.

3.- A persoa nomeada deberá tomar posesión no prazo dun mes, de non facelo sen mediar causa xustificada, será declarado en situación de cesante e decaído no seu dereito ao nomeamento. Neste suposto, a Alcaldía declarará deserta a praza.

DÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais informase ás persoas interesadas en participar no proceso selectivo que os datos de carácter persoal que faciliten serán incorporados a un ficheiro coa finalidade da selección de persoal e recoñéceselles a posibilidade de exercitaren gratuitamente os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, enviando comunicación escrita ao Concello de Silleda.

As persoas interesadas autorizan o Concello de Silleda para tratar os seus datos nos termos anteriormente descritos así como para publicalos nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Concello. A presentación da documentación necesaria para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para tratar a información nos termos indicados.

UNDÉCIMA. IMPUGNACIÓN

A convocatoria e as súas bases específicas, así como cantos actos administrativos delas se deriven, poderán ser impugnadas polas persoas nos casos e na forma previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

DUODÉCIMA. LISTA DE AGARDA

Non se constituirá lista de agarda.

ANEXO 1 TEMARIO:

PARTE XERAL

- 1.Constitución española. Título I. Capítulo segundo. Dereitos e liberdades.
- 2.Constitución española. Título I. Capítulo terceiro. Principios rectores da política social e económica.
- 3.Constitución española. Título VIII. Organización territorial do Estado.
4. Ley 7/1985. O municipio. Territorio e poboación.
- 5.Ley 7/1985. Organización do municipio.
- 6.Ley 7/1985. Competencias do municipio
- 7.Lei 39/2015, do 1 de outubro. Das disposicións sobre o procedemento administrativo común. Instrucción do procedemento.
- 8.Lei 39/2015, do 1 de outubro. Actividade das Administracións Públicas. Normas Xerais de actuación.
- 9.Lei 39/2015, do 1 de outubro. Dos actos administrativos. Eficacia dos actos.
- 10.RDL 5/2015, do 30 de outubro. Persoal ao servizo das administracións públicas. Clases de persoal.
- 11.RDL 5/2015, do 30 de outubro. Persoal ao servizo das administracións públicas. Situacións administrativas.
12. RD Legislativo 2/2004 e RD 500/1990. Execución do orzamento. Fases do procedemento de xestión de gastos. Competencias en materia de xestión de gastos. Ordenación de pagos.
- 13.Recursos administrativos: principios xerais. Actos susceptibles de recurso administrativo.Reglas xerais de tramitación dos recursos administrativos. Clases de recursos. Procedementos substitutivos dos recursos administrativos: conciliación, mediación e arbitraje.
- 14.O patrimonio das entidades locais. Bens de dominio público e bens patrimoniais: concepto, natureza e elementos. Afección e mutación demaniais. Utilización: autorización e concesión. Prerrogativas e potestades das entidades locais en relación aos seus bens. O Inventario de bens do Concello.
- 15.Os contratos do sector público. As directivas europeas en materia de contratación pública. Obxecto e ámbito de aplicación do Texto refundido da Lei de contratos do sector público. Tipos de contratos. Contratos suxeitos a regulación harmonizada. Réxime xurídico dos contratos administrativos e dos contratos privados; os actos separables. Os principios xerais da contratación do sector público.
- 16.A expropiación forzosa: suxeitos, obxecto e causa. O procedemento xeral. Garantías xurisdiccionais. A reversión expropiatoria. Tramitación de urxencia. Procedementos especiais.
- 17.A potestade sancionadora: concepto e significado. Principios do exercicio da potestade sancionadora. Especialidades do procedemento en materia sancionadora. Medidas sancionadoras administrativas. Especial referencia á potestade sancionadora local.
- 18.A responsabilidade da Administración pública: caracteres. Os presupostos da responsabilidade. Danos resarcibles. A acción de responsabilidade. Principios do procedemento administrativo en materia de responsabilidade. A responsabilidade patrimonial das autoridades e do persoal ao servizo das administracións públicas.

PARTE ESPECÍFICA.

Primeira parte:

- 1.Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG 2/2016). Decreto 143/2016,do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia (RSG/2016) Disposicións xerais e modificacións.
- 2.Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG 2/2016). Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia (RSG/2016) : Réxime urbanístico do solo.
- 3.Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG 2/2016). Decreto 143/2016,do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia (RSG/2016) Execución do Planeamiento Urbanístico
- 4.Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG 2/2016). Decreto 143/2016,do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia (RSG/2016) Patrimonio público do solo.
- 5.Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG 2/2016). Decreto 143/2016,do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia (RSG/2016) Intervención na edificación e uso do suelo e disciplina urbanística
- 6.Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG 2/2016). Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia (RSG/2016) Convenios urbanísticos
- 7.Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia
- 8.Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental . Avaliación ambiental estratéxica
- 9.Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. Evaluación de impacto ambiental de proxectos
- 10.Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. Seguimento e réxime sancionador. Procedemento sancionador
- 11..– Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Silleda: Normas particulares en solo Urbano. Normas particulares en solo de Núcleo Rural.
- 12.As medidas preventivas de protección ambiental na construción. Real decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos da construción e demolición
- 13.A eliminación de residuos mediante depósito a vertedoiro (Real decreto 646/2020,de 7 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro).
- 14.Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia e o seu regulamento. Disposicións xerais.
- 15.Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia e o seu regulamento. Planificación e proxección.
- 16.Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia e o seu regulamento. Construción, financiamento e explotación.
- 17.Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia e o seu regulamento. Protección do dominio público viario.
- 18.Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia e o seu regulamento. Réxime sancionador.
- 19.Orde do 23 de maio de 2019 pola que se regulan os accesos nas estradas de Galicia e nas súas vías de servizo.
- 20.Guía básica de espazos públicos e mobilidade amable da Deputación de Pontevedra (I). Criterios xerais. O contexto da proposta peonil. A integración do peón no feito urbano e rururbano. Novas prioridades no deseño e o uso da rúa e das vías públicas

21. Guía básica de espazos públicos e mobilidade amable da Deputación de Pontevedra (II). Recomendacións de deseño de vías e espazos públicos para o fomento da mobilidade amable, a seguridade viaria e a calidade urbana.
22. Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia e normativa estatal Concorrente
23. Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia
24. Orde VIV 561/2010, de 1 de febreiro, pola que se desenvolve o Documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados

Segunda parte:

1. As medidas preventivas de seguridade e saúde nos lugares de traballo. Real decreto 486/1997, de 14 de abril, de disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo
2. Real decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción
3. Trazado de estradas (I). Trazado en planta. Trazado en alzado. Sección transversal. Carrís adicionais e outros elementos
4. Trazado de estradas (II). Conexións e accesos. Nós. Orde circular 32/2012, Guía de nós viarios.
5. Firmes. Constitución e conceptos xerais. Bases de proxectos. Materiais. Unidades de obra. Mesturas bituminosas. Pavimentos de formigón.
6. Firmes. Constitución e conceptos xerais. Bases de proxectos. Materiais. Unidades de obra. Mesturas bituminosas. Pavimentos de formigón.
7. Firmes. Características superficiais e estruturais dos firmes. Auscultación. Conservación e rehabilitación. Normativa aplicable.
8. Obras de estradas: sistemas de execución e organización. Control de obras: xeométrico, cuantitativo e cualitativo. Materiais e maquinaria. Sistemas de realización de control. Sinalización de obras.
9. Movemento de terras. Clasificación e características dos solos segundo o PG-3. Compactación. Construción de explanacións. Construción de terrapléns, pedrapléns e recheos todo-un. Capacidade soporte das explanadas. Normas e especificacións.
10. Cimentacións. Técnicas de mellora do terreo.
11. Orde circular 2/2023 sobre reutilización de capas de firmes e pavimentos bituminosos.
12. Firmes con caucho procedente de pneumáticos fóra de uso. Ordes circulares do MFOM 21/2007 e 21bis/2009).
13. Obras de paso. Conceptos xerais. Tipoloxías e materiais.
14. Orde FOM/534/2014, de 20 de marzo, pola que se aproba a Norma 8.1-IC Sinalización vertical da instrución de estradas.
15. Orde de 16 de xullo de 1987 pola que se aproba a Norma 8.2-IC Marcas viarias da instrución de estradas.
16. Balizamento e sistemas de contención. Orde circular 35/2014 sobre criterios de aplicación de sistemas de contención de vehículos.
17. Orde FOM/298/2016, de 15 de febreiro, pola que se aproba a norma 5.2- IC Drenaxe superficial da Instrución de estradas.
18. Directiva marco da auga. Obxectivos xerais da directiva marco. Obxectivos

ambientais. Caracterización das masas de auga, presións e impactos. Determinación e seguimento do estado das masas de auga. Recuperación de costes. Programa de medidas. Transposición. Directivas relacionadas.

19. A administración pública da auga. Competencias das distintas administracións en materia de augas e obras hidráulicas. Lexislación estatal e autonómica. Organismos de cunca: configuración e funcións. Órganos de goberno, administración e cooperación. Facenda e patrimonio. Reparto e distribución da auga.

20. Texto refundido da Lei de augas e Regulamento do dominio público hidráulico (DPH). DPH: augas públicas e privadas. Utilización do DPH: servidumes, usos comúns e privativos, concesións e autorizacións, rexistro de augas e réxime xurídico das comunidades de persoas usuarias. Protección do DPH: zonas de servidume e de policía, apeo e deslinde.

21. Inundacións e secas. Directiva 2007/60/CE e Real decreto 903/2010, de 9 de xullo, de avaliación e xestión do risco de inundación. Plans de xestión de risco de inundación. Plans de seca. Caracterización das secas. Medidas de prevención, mitigación, protección e corrección.

22. Instrucións de obras hidráulicas de Galicia. Sistemas de saneamento.

23. Instrucións de obras hidráulicas de Galicia. Sistemas de abastecemento.

24. Obras fluviais: protección, corrección e regularización de leitos. Canalizacións. Defensa de poboacións. Restauración de ríos. Técnicas de enxeñería biolóxica.

Terceira parte:

1. Redes de enerxía eléctrica, telecomunicacións, telefonía e gas. Materiais e características de instalación. Distancias en proximidades, paralelismos e cruzamentos.

2. Iluminación pública. Factores determinantes da visibilidade, compoñentes da instalación: lámpadas, equipos auxiliares, luminarias e soportes.

3. Iluminación de parques e xardíns. Iluminación de vías públicas. Eficiencia enerxética.

4. Rúas e zonas peonís. Problemática. Características dos pavimentos. Mobiliario urbano. Elementos e conservación.

5. O catálogo de estradas. Travesías e tramos urbanos

6. Construción de estradas. Dirección de obra. Plan de obra. Organización das obras. Seguro da calidade. Plan de vixilancia medioambiental. Servizos afectados.

7. Construción de estradas. Incidencias nas obras. Certificacións de obras e relación valoradas. A certificación final e liquidación. Garantía das obras e vicios ocultos.

8. Control de calidade. Normativa técnica PG-3. Control de calidade nos pregos de condicións. Calidade de materiais e de execución. Laboratorio de control de obras. Probas finais e recepción

9. Conservación de estradas. Contratos de conservación integral. Recoñecementos sistemáticos. Inspeccións

10. Conservación de estradas. Operacións básicas de vialidade. Vialidade invernal

11. Conservación de estradas. Operacións básicas de vialidade. Vialidade invernal.

12. Os inventarios de estradas. Realización, explotación e posta ao día. Fichas especiais: firmes e obras de paso. Seguimento e evolución.

13. Programación de traballo. Preparación lineal e dinámica. Técnicas de programación de actividades de obra. Control e seguimento do traballo.

14. Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (I) A competencia para contratar na Administración. A figura do responsable do contrato. O perfil do contratante. O obxecto do

contrato. Orzamento base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e a súa revisión. As garantías contractuais. O expediente de contratación administrativa. Consultas preliminares do mercado. Inicio e contido do expediente. Aprobación do expediente. Tramitación ordinaria, urxente e de emerxencia. Os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.

15.Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (II). Tipos de procedementos de adxudicación do contrato administrativo. O anuncio de licitación. Proposicións dos interesados e admisión de variantes. A adxudicación do contrato. Notificacións e comunicacións ao contratista. O procedemento aberto: modalidades. O contrato menor. Procedemento restrinxido. Procedementos con negociación. Diálogo competitivo. Procedemento de asociación para a innovación. Os concursos de proxectos..

16.Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (III). Dos efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos. Prerrogativas da Administración en materia de contratación. A modificación dos contratos. A suspensión dos contratos. Cesión dos contratos e subcontratación.

17.Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (IV). Dos contratos das administracións públicas: do contrato de obras.

18.O proxecto de construción. Documentos do proxecto: memoria e anexos, prego de prescricións técnicas particulares, medicións e orzamentos. Dirección do proxecto. Supervisión.

19.A execución do contrato de obra. Réxime de relacións co contratista. Modificación do contrato. Suspensión das obras. Revisión de prezos. Recepción e liquidación.

20.Análise de proxectos de investimento. Avaliación técnico-económica de proxectos. Identificación de custos e beneficios. Rendibilidade económica e social. Análise multicriterio.

21.Lei 32/2006, de 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción e Real decreto 1109/2007, de 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006.

22.Real decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción. Disposicións específicas de seguridade e saúde durante as fases de proxecto e execución das obras.

23.Parámetros fundamentais do tráfico. Características do fluxo de tráfico, variación,distribución e composición. Intensidade e densidade de tráfico (DXT).

24.A seguridade viaria: indicadores de seguridade viaria. Últimas cifras e evolución dos principais indicadores. Aspectos da infraestrutura que máis incidencia teñen sobre a seguridade viaria. Auditorías de seguridade viaria.

Expediente 1771/2024. Constitución dunha bolsa de emprego para a selección, mediante o sistema de oposición, de persoal funcionario interino: ARQUITECTO/A

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto que as bolsas de emprego existentes, relativas a “persoal funcionario interino: ARQUITECTO/A” (expdtes 657 e 658 do ano 2024), nas que inicialmente figuraban tres persoas, e na actualidade figuran soamente dúas xa que unha de elas adquiriu a condición de funcionaria pública.

Visto que as dúas persoas que compoñen as bolsas renuncian sucesiva e motivadamente aos chamamentos , estase a producir unha ralentización na prestación servizo que continúa cun déficit

de recursos humanos.

Vista a posibilidade recollida na Base Novena: "...En ningún caso a mera pertenza a Bolsa implicara dereito ningún a obter nomeamento de persoal funcionario interino, garantíndose unicamente que cando o Concello considere conveniente a súa utilización polos motivos que fosen, respectarase o procedemento de chamamento regulado nestas Bases, podendo ademais, cando o considere conveniente e de forma xustificada, convocar ex profeso un proceso selectivo para cubrir postos vacantes ou contratos temporais, aínda que permaneza constituída a Bolsa de Emprego desta convocatoria."

Visto que, en consecuencia, continúa a necesidade e urxencia da selección e a consecuente constitución da bolsa de emprego porque se da o suposto do apartado d) do punto 1 do artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Visto o texto das novas bases reguladoras para a constitución dunha bolsa de Emprego, mediante o sistema de OPOSICION, de persoal funcionario interino: ARQUITECTO/A, redactado polos técnicos municipais

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras para a constitución dunha bolsa de Emprego para a selección, mediante o sistema de oposición, de persoal funcionario interino: ARQUITECTO/A, recollidas na presente proposta.

SEGUNDO.- Publicar a convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, e na sede electrónica deste Concello.

TERCEIRO.- As bases íntegras publicaranse no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Silleda (<https://silleda.sedelectronica.gal>)

CUARTO.- O período de presentación de solicitudes será de dez días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Anexo: Texto das bases

Bases reguladoras para a constitución dunha bolsa de emprego para a selección, mediante o sistema de oposición, de persoal funcionario interino: ARQUITECTO/A

ANTECEDENTES:

A presente convocatoria xustifícase no artigo 10.1. do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público,

que permite o nomeamento de persoal funcionario interino, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, para o desempeño de funcións propias de persoal funcionario de carreira, cando concorra calquera das catro circunstancias previstas no citado artigo do Estatuto e non sexa posible a súa cobertura por persoal funcionario de carreira, sendo o caso que dá lugar a estas bases os recollidos no artigo 10.1.d.

Esas funcións deben ser desempeñadas exclusivamente por persoal funcionario público ao referirse ao exercicio de potestades públicas, segundo o previsto no artigo 9.2 da Lei de Bases de Réxime Local, o que confirmou a xurisprudencia (sentenza do Tribunal Supremo, Salga 3.^a, sección 7.^a, do 19 de maio de 2008), que determina as funcións que pode desempeñar o persoal laboral, concluíndo, con carácter xeral, que os postos de traballo da Administración ... serán desempeñados por funcionarios públicos, salvo excepcións.)

A necesidade e urxencia da selección e a consecuente constitución da bolsa de emprego veñen xustificadas porque dáse o suposto do apartado d) do punto 1 do artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Certa é a vixencia dunha bolsa similar á que agora se pretende, que está conformada por dúas persoas que renuncian aos chamamentos de forma sucesiva por estar ambas prestando servizos noutras administracións, o que provoca a perda de virtualidade da mesma, e que nos obriga a recorrer á base novena das bases que regulan aquela bolsa:

“...En ningún caso a mera pertenza a Bolsa implicara dereito ningún a obter nomeamento de persoal funcionario interino, garantíndose unicamente que cando o Concello considere conveniente a súa utilización polos motivos que fosen, respectarase o procedemento de chamamento regulado nestas Bases, podendo ademais, cando o considere conveniente e de forma xustificada, convocar ex profeso un proceso selectivo para cubrir postos vacantes ou contratos temporais, aínda que permaneza constituída a Bolsa de Emprego desta convocatoria.”

Vista a Proposta da Concellería de Urbanismo emitida ao efecto, a fin de cubrir interinamente todas as necesidades que poida ter o Concello ante o anteriormente manifestado, tendo en consideración que o CONCELLO DE SILLEDA non dispón de persoal suficiente e adecuado por razón da titulación necesaria e esixible, e á vista das posibilidades contempladas na Orde 1461/2002, do 6 de xuño, do Ministerio de Administracións Públicas, sobre normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino, confórmanse as presentes bases para a selección dun/ha Arquitecto/a en réxime de interinidade, así como para a constitución dunha Bolsa de Emprego de Arquitecto/a na que a selección se fará por mediante o sistema de oposición, e virá determinada polos coñecementos en materia urbanística e ambiental.

A selección realizarase mediante un procedemento áxil, e respectaranse en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. O proceso elixido é o de OPOSICIÓN

No Concello de Silleda danse as circunstancias esixidas para cubrir mediante nomeamento de persoal funcionario interino un posto de traballo de Arquitecto/a, ao cumprir os requisitos esixidos

na lexislación vixente: Que o nomeamento de persoal funcionario interino o é para un caso excepcional e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Que o posto para cubrir está incluído nos sectores, funcións e categorías profesionais que o Concello de Silleda considera prioritarios, e que afecta o funcionamento dos servizos públicos que o Concello declara esenciais.

No non previsto nas presentes Bases, aplicarase o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/15, do 30 de outubro, en diante. TREBEP, Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, sobre regras básicas e programas mínimos do procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de postos de traballo e Promoción Profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, a Orde APU/1461/2002, do 6 de xuño, pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino, e normativa de desenvolvemento da anterior e concordante.

PRIMEIRA.- OBXECTO.

1.1.- É obxecto das presentes Bases regular a constitución dunha Bolsa de Emprego para cubrir un posto dun/ha ARQUITECTO/a MUNICIPAL como persoal funcionario interino que desempeñe o posto de arquitecto/a municipal funcionario deste Concello, por darse o suposto do apartado d) do punto 1 do artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público

1.2.- De conformidade ao previsto no art. 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas e á vista das necesidades para satisfacer, aplícase ao procedemento a tramitación de urxencia.

A xustificación da urxencia na realización do proceso selectivo vén motivada, pola necesidade de dispoñer con carácter inmediato dun/ha arquitecto/a municipal funcionario/a a tempo completo que desempeñe as funcións propias do devandito posto indispensables nun Concello.

Emprégase o sistema de oposición por resultar o máis áxil para dar resposta á preta requirida.

1.3.- A praza de Arquitecto/A municipal está encadrada na escala de Administración Especial; subescala: Técnica; clasificada no grupo de titulación A1; coas características e retribucións determinadas na RPT.

1.4.- As presentes Bases serán publicadas no Boletín Oficial de Pontevedra , a efectos do cómputo de prazos de presentación de instancias. Os sucesivos anuncios relativos ao procedemento selectivo, publicación de cualificacións e restantes notificacións serán obxecto de publicación a través da sede electrónica e a páxina web do Concello (<https://www.silleda.es>) a cal se fixa como medio de comunicación para as persoas interesadas dos actos, acordos e resolucións integrantes

deste procedemento selectivo, de conformidade co artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Na mesma dirección web poderase obter información en relación con estas bases, a súa convocatoria e cuantos actos administrativos derívense dela e das actuacións do Tribunal.

SEGUNDA.- REQUISITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS.

2.1-Para formar parte nas probas de selección será necesario reunir os seguintes requisitos xenéricos establecidos no art. 56.1 e 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en concreto:

a) Ter a nacionalidade española, ou ser nacional dos Estados membros da Unión Europea, estendéndose esta previsión ao cónxuxe daqueles, sempre que non estean separados de dereito, e aos seus descendentes e aos do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

Así mesmo son admisibles as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Posuír a titulación esixida.

As persoas aspirantes que teñan algún tipo de discapacidade serán admitidos en igualdade de condicións cos demais participantes, sen que se establezan exclusións por limitacións psíquicas ou físicas, senón nos casos en que sexan incompatibles co desempeño das tarefas ou funcións a desenvolver. Este feito deberá manifestarse na instancia que se presente para a súa participación

no correspondente proceso selectivo. Superado o proceso selectivo acreditarase a discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas para realizar mediante Informe emitido por técnico ou profesional competente para o efecto. De igual maneira deberase proceder no suposto en que se propoña o nomeamento de funcionario interino a persoa con discapacidade.

2.2- Con carácter específico requírese: Estar en posesión da Licenciatura en Arquitectura, ou Grao e Máster habilitante en Arquitectura.

As persoas aspirantes que obtivesen a titulación no estranxeiro deberán estar en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación. Esta acreditación deberá realizarse polo interesado.

2.3.- Estar en posesión do título Celga 4.

As persoas que non acrediten estar en posesión do título CELGA 4 ou superior deberán realizar unha proba eliminatoria de coñecemento de lingua galega. Consistirá na tradución dun texto seleccionado polo tribunal de castelán a galego

As persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión do correspondente CELGA 4, e que non superen esta proba quedarán excluídas do proceso.

A convocatoria se publicará no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) , no Taboleiro de Edictos da páxina web e da sede electrónica del Concello cun mínimo de 3 días hábiles de antelación.

2.4 -Os requisitos esixidos deberán reunirse polas persoas aspirantes o día en que finalice o prazo de presentación de instancias. Así mesmo, deberán manterse todos eles durante o procedemento de selección ata o momento do nomeamento.

TERCEIRA.- INCOMPATIBILIDADES.

3.1- Aquelas persoas aspirantes a cuxo favor se realice nomeamento quedarán sometidas ao réxime de incompatibilidades establecido pola Lei 53/1984, do 26 de decembro, e as que procedan das obrigacións impostas pola aplicación da Lei 5/2015 do Estatuto Básico do Empregado Público e polo réxime de dedicación que se aplique.

CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

4.1.- As instancias debidamente cumprimentadas solicitando tomar parte nas probas selectivas, nas cales as persoas aspirantes deberán manifestar que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas, formularanse por escrito conforme ao modelo que se achega como Anexo ás presentes bases, dirixirse á Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Silleda e presentarse no Rexistro Xeral do Concello ou nalgunha das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de dez días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial de Pontevedra.

Neste sentido, as solicitudes poderán presentarse mediante a Sede electrónica do Concello de Silleda <https://silleda.sedelectronica.gal>

No caso de presentación de solicitudes por conduto distinto ao Rexistro Xeral do Concello de Silleda ou da Sede electrónica do mesmo, deberá remitirse dentro do prazo de presentación de instancias ao correo electrónico: recursoshumanos@silleda.gal

-copia íntegra da solicitude con acreditación fidedigna da presentación en prazo en calquera das outras formas determinadas polo art. 16 da Lei 39/2015, tendo meros efectos informativos en orde a permitir dar continuidade á tramitación de urxencia do procedemento, pero carecerá de valor definitivo en tanto non tivese entrada no Concello a solicitude orixinal.

É de exclusiva responsabilidade da persoa aspirante a veracidade dos datos declarados polo que se polo Concello de Silleda se detectase a falsidade dos mesmos, procederá á automática exclusión do aspirante do proceso selectivo calquera que fose a fase do proceso en que se atopase

4.2.- O impreso de solicitude axustarase ao modelo oficial, conforme ao Anexo destas Bases.

4.3.- Á solicitude acompañarase con carácter imprescindible:

1. fotocopia do DNI en vigor.

2. fotocopia do título académico esixido na base Segunda 2-2.

3 Acreditación do pago da taxa polos dereitos de participación no proceso selectivo.

As persoas aspirantes deberán aboar unha taxa por dereitos de exame de acordo coa vixente Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola solicitude de participación en probas de selección de persoal (BOP Pontevedra 10 de outubro de 2022), segundo se especifica:

	Euros
Subgrupo A1	30
Subgrupo A2	25
Subgrupo C1	20
Subgrupo C2	15
Agrupacións Profesionais	10

O ingreso do importe da taxa efectuarase por medio de autoliquidación.

Os suxeitos pasivos deberán practicar autoliquidación nos impresos habilitados ao efecto pola Administración Municipal, e realizar o seu ingreso no número de conta ES27 2080 5443 3731 1010 0171 antes de presentar a correspondente solicitude de inscrición no proceso selectivo, á que se deberá acompañar o xustificante de pago da taxa, e, no seu caso, da documentación xustificativa das reducións recollidas no artigo 5º da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola

solicitude de participación en probas de selección do persoal (BOPPO 194 do 10 de outubro de 2022)

4. Acreditación de estar en posesión do título Celga4 ou documento equivalente

5. Unha vez finalizado o prazo de presentación de instancias non se admitirá a presentación de nova documentación para acreditación de requisitos aínda cando se refiran a feitos producidos con anterioridade á finalización do devandito prazo, salvo a que resulte precisa ao obxecto de emendar erros materiais na aportación de datos ou na documentación achegada no momento de presentación de instancias.

QUINTA.- ADMISIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES.

5.1.-Terminado o prazo de presentación de solicitudes, o órgano convocante ditará resolución aprobando a relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas do proceso selectivo, indicando as causas de exclusión concedéndose o prazo de 5 días hábiles para a corrección dos erros nas instancias presentadas.

5.2.-Terminado o prazo anterior, a Presidencia ditará nova resolución, elevando a definitiva a lista provisional de persoas aspirantes ou publicándoa novamente se existise modificacións como consecuencia das correccións presentadas. Caso de non apreciarse deficiencias nas instancias presentadas que determinasen a exclusión con carácter provisional dalgunha persoa aspirante e requirisen de corrección, ditarase unha única resolución de persoas aspirantes admitidas con carácter definitivo.

Na mesma Resolución determinarase a composición do Tribunal Cualificador. Dita resolución, publicarase na sede electrónica e páxina web do Concello.

5.3.- O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulga que se lle recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos. Cando da documentación que, de acordo con a Base OITAVA, debe presentarse en caso de ser aprobado, despréndase que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán de todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo, o Tribunal tivese coñecemento de que algunha das persoas candidatas carece dos requisitos necesarios para participar no mesmo, previa audiencia da persoa interesada, poñerá en coñecemento da Alcaldía- Presidencia propoñendo a súa exclusión e comunicándolle, así mesmo, as inexactitudes ou falsidades en que incorrese o aspirante na solicitude de admisión para os efectos procedentes. Neste caso, ata tanto se emita a resolución correspondente, a persoa aspirante poderá seguir participando condicionalmente no proceso selectivo.

Os erros materiais ou de feito que puidesen advertirse na lista poderán emendarse en calquera momento, de oficio ou a pedimento do interesado, de conformidade co disposto no artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

6.1.- O Tribunal cualificador estará conformado por unha persoa como Presidenta e catro Vogais, debendo ostentar a titulación adecuada para garantir na súa composición os principios de profesionalidade e imparcialidade e na súa actuación os de independencia e discrecionalidade técnica, e debendo posuír todos eles un nivel de titulación ou especialización igual ou superior ao esixido para o ingreso o Corpo ou Escala de que se trate. Designaranse así mesmo os seus respectivos suplentes.

Non poderán formar parte do Tribunal o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino, e o persoal eventual.

6.2.- O Tribunal poderá dispoñer a incorporación ao seu labor no proceso selectivo de asesores especialistas se o considerasen necesario A súa función circunscríbese a un mero asesoramento, isto é actúan con voz pero sen voto, non participando na toma de decisións do Tribunal.

6.3.-O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza do Presidente e do Secretario, ou de quen, no seu caso, substitúanlos, sendo quórum suficiente a presenza de tres dos seus membros. O Secretario do Tribunal terá voz e voto.

6.4.-A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de Réxime Xurídico de Sector Público.

6.5.-O tribunal, en todo o non previsto nestas Bases, está facultado para resolver as cuestións que puidesen suscitarse no desenvolvemento do proceso selectivo, e para adoptar os acordos necesarios para a debida orde do mesmo. As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos non previstos, será resolto polo Tribunal por maioría.

SÉTIMA.- SISTEMA SELECTIVO.

1.- O proceso selectivo será o de oposición. Constará dun exercicio que consistirá na resolución dun cuestionario tipo test de 100 preguntas das que vinte tratarán sobre as materias recollidas na parte xeral do anexo I e 80 sobre materias da parte específica.

O tempo para realizar o exercicio será de dúas horas e media.

Formularanse 10 preguntas de reserva.

O exercicio cualificarase de 0 a 100 puntos sendo necesario para superalo acadar unha puntuación conxunta (parte xeral+parte específica do temario) mínima de 50 puntos, correspondendo ao Tribunal determinar cal é o número mínimo de preguntas acertadas para alcanzar esta puntuación mínima (nota de corte), que non ten por que corresponderse necesariamente con 50% das preguntas acertadas.

2.- As persoas aspirantes disporán dun prazo de 3 días hábiles para presentar alegacións á corrección dos exercicios da oposición.

3.- Se durante o desenvolvemento do proceso o órgano de selección tivese coñecemento de que algunha das persoas aspirantes non reúne os requisitos esixidos na convocatoria, acordará a súa exclusión, previa audiencia da persoa interesada e comunicarllo á Alcaldía.

Así mesmo, o tribunal poderá excluír do proceso selectivo durante o desenvolvemento das probas as persoas aspirantes que realicen calquera actuación fraudulenta.

En todo caso, o órgano de selección poderá requirir das persoas aspirantes cantas aclaracións complementarias sexan precisas.

Unicamente se publicará a relación e cualificación das persoas aspirantes que superaron o exercicio, o resto terán a cualificación de non apto.

SÉPTIMA.- DESENVOLVEMENTO DA OPOSICIÓN

1.- A data, lugar e hora de celebración do exercicio publicárase na Resolución pola que se aprobe a lista definitiva das persoas candidatas admitidas e excluídas, cunha antelación mínima de oito días hábiles.

2.- A orde de actuación iniciárase alfabeticamente pola primeira persoa aspirante da letra «H», segundo RESOLUCIÓN do 31 de xaneiro de 2024 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- A non presentación da persoa candidata ao exercicio, unha vez finalizado o chamamento, determinará automaticamente o decaemento dos seus dereitos para participar no exercicio, quedando excluído do procedemento selectivo.

4.- Identificación das persoas candidatas.- O Tribunal identificaráas o comezo do exercicio e poderá requirirles, en calquera momento do proceso selectivo, para que se identifiquen debidamente, a cuxos efectos deberán asistir provistos do documento de identificación correspondente.

5.- No desenvolvemento do exercicio estableceranse para as persoas con discapacidade as adaptacións posibles e os axustes razoables necesarios de tempo e medios para a súa realización, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos restantes candidatos/as, sempre que estas fosen debidamente solicitadas.

6.- As mulleres embarazadas que prevexan que a coincidencia do parto coas datas de realización da calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, o eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal,

engadindo á comunicación o correspondente informe médico oficial.

A comunicación deberá realizarse dentro das corenta e oito horas seguintes ao anuncio da data do exame e implicará o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O tribunal acordará si procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazalo ou adoptar ambas medidas conxuntamente.

Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns de impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

7. Proba de galego, obrigatoria para aquelas persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión do CELGA 4.

Cofecemento da lingua galega: Consistirá na tradución dun texto seleccionado polo tribunal de castelán a galego, a realizar nun tempo máximo de trinta minutos. Este exercicio realizarase unha vez terminado o anterior, cun descanso entre un e outro de media hora.

A valoración deste exercicio será de apto ou non apto.

OITAVA.- CUALIFICACIÓN, LISTAXE DE PERSOAS APROBADAS E CONSTITUCIÓN DA BOLSA

8.1.- CUALIFICACIÓN, LISTAXE PERSOAS APROBADAS: O Tribunal publicará a lista provisional da baremación na sede electrónica e na páxina web do Concello de Silleda .

As persoas aspirantes terán un prazo de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao de publicación das puntuacións, para facer as alegacións que estimen fundadas.

Se houbese reclamacións, o Tribunal resolverá as mesmas. Tras a devandita resolución dispoñerá a puntuación definitiva.

Se non houbese reclamacións, a puntuación provisional elevarase a definitiva.

A puntuación definitiva por orde de maior a menor cualificación expoñerase na sede electrónica e na páxina web do Concello de Silleda .

Simultaneamente o Tribunal elevará a relación á Presidencia da Corporación, propoñendo á formación da Bolsa de Emprego coas persoas aspirantes que obtivesen o mínimo de puntuación esixida para superar o proceso. As persoas integrantes da Bolsa estarán ordeadas de maior a menor en función da puntuación final obtida.

En caso de empate en primeiro lugar atenderase, a maior puntuación obtida na parte específica do temario da oposición.

De persistir o empate realizarase un sorteo establecido polo Tribunal.

8.2- NOMEAMENTO: As persoas aspirantes a cuxo favor se realice chamamento para proceder a nomeamento como persoal funcionario interino achegarán ante a Administración, dentro do prazo de cinco (5) días naturais a contar desde o día seguinte a aquel en que se realice o chamamento, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria, copia autenticada ou compulsada dos documentos presentados:

1. Orixinal ou copia autenticada de DNI en vigor. Respecto ás persoas aspirantes que non posúan nacionalidade española queda referido ao documento que acredite a súa nacionalidade.

2. Orixinal ou copia autenticada do título académico esixido na base Segunda 2-2: Licenciatura en Arquitectura, ou Grao e Máster en Arquitectura.

3. Igualmente deberán presentar no mesmo prazo de cinco días naturais:

- Declaración responsable de non ser obxecto de sanción disciplinaria firme de separación do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ser condenado/a mediante sentenza penal firme á pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para o exercicio de funcións públicas.
- Declaración responsable de non atoparse incurso/a en causa de incapacidade específica ou incompatibilidade prevista na lexislación vixente.
- Certificado de antecedentes penais do Rexistro Central de Penados e Rebeldes referido á data de terminación das probas selectivas
- As persoas aspirantes que manifestasen que teñen algún tipo de discapacidade deberán acreditar a mesma e a compatibilidade co desempeño das tarefas para realizar mediante Informe emitido por técnico ou profesional competente para o efecto. Quen dentro do prazo indicado non presentase, salvo caso de forza maior debidamente acreditado, os documentos acreditativos, non poderá formalizar o seu nomeamento, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incurrir por falsidade na súa instancia. En consecuencia será nomeado o seguinte aspirante en orde de puntuación obtida, previa presentación así mesmo dos documentos acreditativos as condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria sinalados

A persoa aspirante proposta será nomeada funcionaria interina a tempo completo, Arquitecto/a Municipal do Concello de Silleda e deberá tomar posesión do seu posto no prazo máximo de cinco (5) días naturais, contados a partir da notificación do nomeamento. Aquela que non tome posesión no prazo sinalado sen causa xustificada decaerá en todos os seus dereitos. O devandito nomeamento será obxecto de publicación na sede electrónica e na páxina web do Concello de Silleda

NOVENA.-BOLSA DE EMPREGO.

9.1.- En cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e celeridade, constituirase unha bolsa de emprego co fin de nomear, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e

urxencia, persoal funcionario interino de carácter temporal para o desempeño das funcións obxecto desta convocatoria, sempre que se dea algunha das circunstancias recollidas nos apartados b) e d) do punto 1 do artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e nos termos e condicións previstos no referido precepto.

9.2.- A tal fin partírase da relación de persoas aprobadas propostas polo Tribunal, ordeadas de maior a menor puntuación, de conformidade ao disposto na Base OITAVA 8.1. pola orde de puntuación de maior a menor en que quedasen formárase unha Bolsa de Emprego, para cubrir en caso necesario calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1. b), c) e d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A relación de aspirantes que formen parte da mesma farase pública no Taboleiro de Edictos e paxina web da Corporación Municipal. A orde final de prelación establecerase por orde decrecente de puntuación final das persoas aspirantes que superasen as probas selectivas. A bolsa conterá os seguintes datos das persoas aspirantes que a formen: nome e apelidos, número de D.N.I., núm. teléfono de contacto, enderezo de correo electrónico e puntuación obtida.

En ningún caso a mera pertenza a Bolsa implicará dereito ningún a obter nomeamento de persoal funcionario interino, garantíndose unicamente que cando o Concello considere conveniente a súa utilización polos motivos que fosen, respectarase o procedemento de chamamento regulado nestas Bases, podendo ademais, cando o considere conveniente e de forma xustificada, convocar ex profeso un proceso selectivo para cubrir postos vacantes ou contratos temporais, aínda que permaneza constituída a Bolsa de Emprego desta convocatoria.

9.3.- Funcionamento.-

As persoas aspirantes incluídas na Bolsa que se forme serán chamadas pola orde establecida. Realizado chamamento por necesidades de persoal e se a prestación efectiva do servizo derivada do nomeamento fose inferior a un ano, a persoa aspirante non perdería a orde establecida na bolsa. Superado o ano de prestación efectiva de servizo, pasará a ocupar o último lugar da Bolsa de Traballo. Cando cumpra cubrir con carácter provisional unha praza por persoal pertencente a correspondentes bolsa de traballo, a Sección de Persoal da Corporación, citará a quen corresponda pola orde establecida nas mesmas, a través do número de teléfono facilitado pola persoa aspirante na instancia presentada para tomar parte na convocatoria, debendo comparecer no Departamento de Persoal no prazo de 24 horas, xa que pola contra quedará automaticamente excluída da Bolsa do Traballo. Realizados tres intentos de contactar coa aspirante sen logralo, e transcorrido o prazo de 24 horas desde a realización da última chamada, quedará automaticamente excluída da Bolsa de Traballo, pasando a chamar a seguinte aspirante pola orde da lista. Unha vez recibida a proposta de nomeamento, o candidato/a dispoñerá de DOUS DIAS para comunicar por escrito a súa disposición ou non a aceptar a devandita proposta de nomeamento. A aquelas persoas integrantes da bolsa que se lles ofrezca un nomeamento e non acepten o traballo por causa xustificada, deberán achegar documento que acredite tal situación, no prazo de cinco días hábiles. En caso de ser aceptada tal xustificación, pasarán a ocupar o último lugar da Bolsa de Traballo.

A tales efectos consideraránselles motivos xustificados de renuncia, as seguintes circunstancias que deberan ser acreditadas documentalmente:

- Estar traballando cando se realice a proposta por parte do Concello de Silleda , para o que se achegara informe de vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou certificado da administración onde estea prestando o servizo.
- Padecer enfermidade ou estar en proceso de recuperación de enfermidade ou accidente.
- Estar nalgunha situación das que por embarazo, parto ou adopción, acollemento ou enfermidade grave dun familiar están contempladas pola normativa en vigor para os efectos de permisos ou licenzas. Os/as aspirantes que non acepten o traballo por causa inxustificada ou non demostren suficientemente a circunstancia anterior, entenderase que renuncian a Bolsa, quedando automaticamente excluídos da mesma.

9.4 Vixencia. A presente Bolsa de Emprego terá unha vixencia mínima de dous anos e máxima de tres anos a partir da súa aprobación.

Rematada a súa vixencia, o Concello poderá, mediante resolución motivada, prorrogar a duración da Bolsa de Traballo por un ano mais e por unha soa vez, se persistisen as razóns que xustifiquen a necesidade e urxencia esixidas no TREBEP .

DÉCIMA.-INCIDENCIAS.

10.1.- Lei reguladora do procedemento de selección. O só feito de presentar instancia solicitando tomar parte neste proceso selectivo constitúe sometemento expreso das persoas aspirantes ás bases reguladoras do mesmo, que teñen consideración de lei reguladora desta convocatoria.

No non previsto nas Bases, polas disposicións do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, o Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado; o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local

10.2.- As presentes bases, convocatoria e cantos actos administrativos dela derívanse e da actuación do Tribunal Cualificador poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As resolucións do órgano de selección vinculan á Administración que só pode proceder á revisión mediante o procedemento xeral de revisión dos actos administrativos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro. Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

UNDÉCIMA. - Protección de datos de carácter persoal.

Os datos persoais recollidos na solicitude de admisión serán tratados coa única finalidade da xestión das probas selectivas e as comunicacións necesarias para iso. O nome, apelidos e número do documento de identidade publicaranse na forma que determina a disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

